



TRANSCANTÁBRICA: BENQUERENCIA-FAZOURO

Club de Montaña O Carroucho

2 de Abril de 2016

Empezamos en Benquerencia para seguir a costa do concello de Barreiros con case 8 km. de praias como a de Valea, A Salsiña coa pena de Salsa, Remios con zona de Opérculos ou Biteres, como se chaman pola zona.

Teñen un tamaño duns 5 cm e poden vivir ata a 60 metros de profundidade en fondos rochosos da zona infralitoral, aínda que pode chegar a maiores profundidades. Teñen cuncha maciza con 7 expiras en forma de peonza. Nas expiras exteriores teñen saíntes puntiagudos e romos. A abertura está pechada por un opérculo calcáreo de cor alaranxada brillante. A



cuncha é pardoroxiza co interior branco nacarado. Teñen interese económico e gastronómico, xa que se utilizan en bixutería. A Xunta tenos catalogados en perigo de extinción.

Despois cruzamos o arroio de Lopo e, xa na parroquia de San Bartolo, as praias de Os Feas e a de San Bartolo co seu castro e a súa fonte de ferro. Na punta de Aguillón e a de Prado Vello vemos a barra de area chamada O Lombo e a Pena do Altar, antigo altar druída. Viramos para remontar pola ría de Masma pasando polos embarcadiros de Prado de Rocha e Moscoso. Cruzamos o río Esteiro e os lugares de Seimain e As Cobas.

Xa na Espiñeira cruzamos o río Masma entrando no concello de Foz. O río Masma nace na Serra do Xistral, cuncha cabeceira ampla e ramificada, así como un curso medio e baixo que se vai estreitando. No Masma conflúen pequenos ríos como o Batán, o Castelo, Rañeda, Polvoreiro, Baus, Valiñares, o Tronceda e o Fra-


Datos Básicos

Comezo:	Benquerencia
Remate:	Fazouro
Distancia lineal:	23 km.
Duración aprox.:	7 horas
Dificultade:	Baixa
Altura máxima:	44 m
Altura mínima:	0 m
Acumul.:	↗392 m / ↘387 m

ga Vella, aumentando o seu caudal. Desemboca na ría de Foz, formando antes o amplo val de Mondoñedo e, polo leste, o de Lourenzã. O seu percorrido é de 46 km, cuncha pendente relativamente acusada, sobre todo no seu curso superior, dun carácter marcadamente torrencial. O río Masma é coñecido pola súa pesca de salmóns, aínda que tamén se poden pescar outras especies como troitas, lampreas, reos e anguias. Camiñando cara a Pena Marela cruzamos o arroio Centiño e polo porto grande e o pequeno entramos en Foz polo paseo de Laredo chamado así polo irmandamento das dúas localidades, aí teremos un perfecto miradoiro da ruta xa andada. O nome de Foz parece que provén da palabra "fauce", que describe de forma gráfica a desembocadura do río Masma, facendo referencia á



riqueza deste lugar e á súa orixe romana. Saímos de Foz polo paseo marítimo que nos leva ata a praia da Rapadoira, moi concorrida durante o verán ao ser unha praia urbana. As praias desta zona son de area fina e branca. Continuamos pola praia de Llas que acolle na súa parte máis occidental o "Cu do Castro" onde foi achado un "torques". Seguindo o litoral atopamos diversas calas ata chegar á praia de Peizas e os areas da Pampillosa, remate desta ruta.



Próxima cita:

30 Abril
Meirás



www.carroucho.org